

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CEESG

ANO 2022



ÍNDICE

| | | |
|------|--|--------------------------------------|
| 1. | Presentación..... | 3 |
| 2. | Estrutura do Ceesg..... | 4 |
| 3. | Estado da colexiación | 6 |
| 4. | Actividades..... | 7 |
| 4.1. | Eixo de Comunicación e Participación colexial | 7 |
| 4.2. | Eixo de Desenvolvemento Profesional. | 11 |
| 4.3. | Eixo de Acción Sociolaboral e Profesional..... | 13 |
| 4.4. | Servizos do Ceesg..... | 16 |
| 4.5. | Representación e participación en órganos externos. | 17 |
| 4.6. | Eventos nos que participamos ou colaboramos. | 17 |
| 4.7. | Eventos ou formacións ás que asistimos. | 19 |
| 4.8. | Colaboración coas Universidades. | 19 |
| 4.9. | Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades. | ¡Error! Marcador no definido. |
| 5. | Grupos de traballo..... | 20 |
| 5.1. | aBeira, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias. | 20 |
| 5.2. | Grupo de traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural. | 20 |
| 5.3. | Escaravellando, Grupo de traballo sobre infancia e adolescencia..... | 21 |
| 5.4. | Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade e Feminismos..... | 21 |
| 5.5. | Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica. | 22 |
| 5.6. | Miolo, Grupo de Saúde..... | 23 |
| 6. | Participación no CGCEES..... | 24 |
| 7. | Outras cuestións | 25 |

1. PRESENTACIÓN

A Memoria do Ceesg de Curso é o reflexo do traballo realizado para a consecución dos fins colexiais. Neste documento recolleemos os datos sobre as xuntanzas mantidas, as normativas revisadas, as reclamacións formuladas, os cursos impartidos, as colaboracións establecidas, os convenios asinados, o impacto nos medios... todo coa finalidade esencial de facer avanzar a Educación Social.

O ano 2022 foi ano electoral para o Colexio. Comezou unha nova etapa, cun novo equipo directivo que colleu o relevo de traballos xa iniciados, e que comezou novas iniciativas con vocación de perdurar.

O evento máis destacado do 2022, sen dúbida algunha, foi a organización da Convivencia Interuniversitaria e Profesional da Educación Social, como celebración do Día Internacional da Educación Social. A Serra do Xurés acolleu preto de 250 profesionais, estudantado e profesorado de Educación Social procedentes de Portugal, Asturias e Galicia. Un punto de encontro que, ademais de ofrecer formación e actividades lúdico-culturais, quixo poñer de relevo os valores sociais, etnográficos e naturais do rural.

Outro dos puntos fortes das actividades realizadas este ano foi o reforzo do equipo técnico do Colexio coa creación dun novo posto de traballo, para o desenvolvemento da formación. A actualización de coñecementos e a adquisición de novas competencias adaptadas a unha sociedade en constante cambio é parte inherente á nosa profesión. Por iso resulta fundamental afianzar os servizos do Colexio nesta área.

Continuamos facendo medrar a profesión, sempre baixo o principio da mellora continua.

Xunta de Goberno do Ceesg.

2. ESTRUCTURA DO CEESG

Xunta de Goberno.

O 19 de febreiro de 2022 celebráronse as eleccións á Xunta de Goberno, sendo proclamada a candidatura seguinte:

Presidenta: Sonia González Rodríguez. Colexiada 3402.

Eixo de Acción Profesional.

Vicepresidenta: Rocío Núñez Rúa. Colexiada 3867.

Eixo de Acción Profesional.

Secretario: Alfonso Tembrás López. Colexiado 103.

Área de Desenvolvemento Profesional.

Tesoureiro: Rodrigo Gil Cedillo. Colexiado 5328.

Eixo de Acción Profesional.

Vogais:

Jesús Deibe Fernández Simo. Colexiado 4851.

Eixo de Participación Colexial

Pilar Ramallal Fernández. Colexiada 4801.

Eixo de Desenvolvemento Profesional.

Noelia Rodríguez Álvarez. Colexiada 3408.

Eixo de Participación colexial.

María Jesús Segade Conde. Colexiada 455.

Eixo de Desenvolvemento Profesional.

Carmen Zamora Castro. Colexiada 3448.

Eixo de Desenvolvemento Profesional.

Organigrama

ASEMBLEA XERAL

Xunta de Goberno

Eixo de
Desenv. Profesional

Eixo de
Acción Profesional

Eixo de
Participación Colexial

PICs

Grupos de traballo

- Geix
- Fiadeiras
- aBeira
- Escravellando
- Ceesg en Diverdade
- Miolo
- Animación sociocultural e xest. cultural

Comisións
Ética

Persoal contratado

Secretaría Técnica

Educadora Social


T. de formación (dende a brit)

3. ESTADO DA COLEXIACIÓN


A 31 de decembro de 2022 estaban colexiadas no Ceesg un total de 977 educadoras e educadores sociais. (839 mulleres e 138 homes)

Durante o ano tramitáronse 85 altas e 105 baixas colexiais.

Como amigas/os do Ceesg, no curso 2020/2021 houbo 5 estudantes, e no curso 2021/2022, a data 31 de decembro, 5.



Porcentaxe de colexiadas, por sexo.



Motivo das baixas colexiais

4. ACTIVIDADES.

4.1. EIXO DE PARTICIPACIÓN COLEXIAL.

- Celebración do Día Internacional da Educación Social. **DIES 2022:** Convivencia interuniversitaria e profesional de Educación Social. Lobios.
- Resolución do **8º Concurso TFG.eduso**. Premiáronse 2 traballos: un por cada modalidade, correspondentes ao curso 2020/2021. Publicación dun libro que recolle os traballos íntegros. A entrega de premios tivo lugar o día 1 de outubro, coincidindo coa celebración do DIES 2022.
- Convocatoria do **9º Concurso TFG.eduso** (curso 2021/2022)
- Edición de materiais promocionais para o alumnado de 1º de Educación Social das universidades galegas: tapa para cámara web, alfombrilla para rato, pulseira de tea e axenda escolar. Continuación coa distribución de materiais do ano anterior: **libreta** que destaca o labor de 8 mulleres en distintos ámbitos da Educación Social, **camiseta 8M #EducaciónSocial-Feminista**.
- Publicación do libro 'A Educación Social', de **Os Bolechas**, para divulgación da Educación Social.
- Colaboración coa **Revista Galega de Educación** na sección Educación Social e Escola, de Nova Escola Galega.
- Continuación coa **transformación dixital do Ceesg**, cara a posta en marcha dunha sede electrónica que funcione como portelo único. Actualmente en desenvolvemento.
- Edición e publicación do calendario de sobremesa 2023, e do calendario-marcapáxinas.
- Colaboración nas campañas do CGCEES pola celebración de días internacionais.
- Presentación do libro '*Cómplices. A violencia machista institucional*', de Iria Vázquez Silvia, en Compostela. (Fiadeiras)
- Presentación do libro 'La mirada horizontal. Historias sin hogar de un educador social', de David Vázquez, en Santiago e na Coruña, en colaboración coas Universidades de Santiago e da Coruña.

- *Artivismo feminista e promoción da cultura da paz*. Faladoiro coas músicas salvadoreñas Yezli Mic e Queen. Actividade organizada polo alumnado PIC da Universidade da Coruña.
- Reunións de traballo conxunto para a optimización do funcionamento dos grupos de traballo do Ceesg, en abril e xuño.
- Xuntanzas coa Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, para estudar colaboracións de cara á celebración do Congreso anual da Sociedade.
- Proposta de candidatura para o Premio Rosalía de Castro, propoñendo a Nova Ecola Galega, como recoñecemento á promoción e dignificación do noso patrimonio lingüístico ao longo da súa traxectoria.
- Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades:
 - 8 de marzo. Día Internacional das Mulleres. Participación en actos e concentracións en diferentes localidades.
 - Apoio ao COPESEX para que as funcións das/os coordinadores/as parentais sexan asumidas polas/os profesionais de Educación Social que traballan no sistema educativo extremeño.
 - Comunicado do Foro Galego de Inmigración, do que o Ceesg forma parte, e adhesión ao comunicado unificado sobre a masacre de Melilla, iniciativa de colectivos sociais e comunidades migrantes en Melilla.
 - Manifiesto unitario das entidades integrantes do CGCEES, polo Día Internacional da Educación Social.
 - 25 de novembro. En negro contra as violencias.
- Datos sobre prensa:
 - **1 COMUNICADO:**
 - Comunicado polo Día Internacional do Acoso Escolar.
 - **6 NOTAS DE PRENSA:**
 - Ceesg e Política Lingüística premian os mellores traballos de fin de grao de Educación Social coa publicación do libro '7º Concurso TFG.eduso'.
 - Eleccións á Xunta de Goberno do Ceesg.

- O Ceesg promoverá o recoñecemento do dereito á educación social da cidadanía.
 - O Ceesg avoga neste 8M pola defensa dunha Educación Social Feminista para favorecer a igualdade.
 - O Xurés acolle unha convivencia lúdica e formativa para educadoras/es sociais con actividades abertas á cidadanía.
 - Expertas/os en Educación das tres Universidades galegas únense na defensa dunha escola inclusiva e segura.
 - A iniciativa ‘Por unha escola segura’ sinala as escolas como a contorna clave para a prevención da exclusión na infancia.
- **3 CONVOCATORIAS DE PRENSA**
 - Presentación libro 7º TFG.eduso.
 - Presentación da Convivencia Xurés 2022.
 - Presentación da iniciativa ‘Por unha escola segura’.
- **5 ARTIGOS DE OPINIÓN**
 - A Educación Afectivo-Sexual: unha materia pendente (Noelia Moreau)
 - A prensa proxeneta en Galicia: os anuncios de prostitución na mirada da Educación Social (Ana Pousada)
 - Levemos até o máis profundo e fermoso lugar galego unha oportunidade de acceder ao dereito cultural (Alejandro Ventura)
- **14 APARICIÓNS EN NOVAS DE PRENSA**

(Neo falantes, Lindeiros, La Voz de Galicia, La Región, Deputación de Ourense, Ourense hoy, Faro de Vigo, La Región, Diario de Arteixo, Xunta.gal, 21noticias, El portal de la infancia, Nós diario).

 - *Investigando sobre porno, educación e adolescencia en galego.*
 - *Política lingüística edita os mellores traballos da educación social.*
 - *La Serra do Xurés será escenario de un retiro organizado por Educación Social.*
 - *Encuentro de educadores sociales de Galicia y Portugal.*

- *A Deputación colabora coa Convivencia Interuniversitaria e Profesional da Educación Social na Serra do Xurés.*
 - *A Deputación colabora coa Convivencia Interuniversitaria e Profesional da Educación Social na Serra do Xurés.*
 - *El Xurés será escenario del intercambio de conocimiento intergeneracional.*
 - *Grou acogerá el 1 de octubre el primer festival "Xurés Son".*
 - *Convivencia polo día da Educación Social con actividades abertas á cidadanía.*
 - *La Xunta pone en valor la labor de los educadores sociales de Galicia en la transmisión de valores entre la población.*
 - *A iniciativa 'Por unha escola segura' sinala as escolas como a contorna clave para a prevención da exclusión na infancia.*
 - *As escolas son unha contorna clave para a prevención da exclusión na infancia.*
 - *O sistema escolar exclúe a quen máis dificultades ten.*
 - *Una treintena de expertos en Ourense contra la exclusión escolar.*
- **11 ENTREVISTAS OU DECLARACIÓNS AOS MEDIOS**
- (Nós diario, Radio Galega, Televisión de Galicia, Praza, Diario de Arteixo, Galicia confidencial)
- *Entrevista para reportaxe sobre educación afectivo sexual, coincidindo co día de San Valentín. (Fiadeiras)*
 - *Entrevista a autoras/es dos traballos publicados no libro 7º TFG.eduso.*
 - *Entrevista sobre o crime machista de Totana. (Fiadeiras)*
 - *Participación en espazo televisivo para falar da etapa da adolescencia.*
 - *Participación en espazo televisivo para falar de acoso escolar.*
 - *Entrevista sobre integración de nenas e nenos ucraínos/as nas escolas.*
 - *Declaracións-entrevista sobre acoso escolar.*
 - *Entrevista-debate radiofónico sobre acoso escolar.*

- Entrevista en profundidade á presidenta do Ceesg.
- Declaracións sobre acoso escolar e prevención do suicidio e saúde mental.
- Intervención-debate sobre acoso escolar.
- Datos sobre redes sociais:
 - **Twitter:** 1480 seguidoras/es (98 novas/os)
 - **Facebook:** 7049 seguidoras/es (643 novos)
 - Mantemento da canle de **Youtube** como aloxamento dos vídeos que compartimos nas demais redes.
 - Creación de perfil de **Instagram.** 504 seguidoras/es.
 - Creación de canle de **Telegram.** 113 subscritoras/es.

4.2. EIXO DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL.

- Contratación dun educador social para a xestión da formación do Ceesg.
- Actividades formativas:
 - Miradas sobre a violencia de xénero: **Prevención, detección e primeira acollida da violencia sexual e de xénero en mulleres migrantes.** Curso presencial gratuíto.
 - **Aplicacións da teoría do apego en contextos socioeducativos.** Curso en liña impartido por Gorka Saitúa a través de Psimática.
 - **Xornada formativa: unha mirada ao acollemento familiar.** Formación gratuíta impartida por Acougo.
 - **O envellecemento das persoas coa síndrome de Down.** Formación gratuíta.
 - **Formación sobre o ISE e SEAF con módulo de protección de datos.** Curso en liña gratuíto. (aBeira)
 - **Mediación: Ruptura de parella. Atención aos fillos e fillas nesta situación.** Obradoiro en liña gratuíto, impartido por Unión de Asociacións Familiares (UNAF).
 - **Crises familiares e primeiros auxilios psicolóxicos.** Obradoiro en liña gratuíto, impartido por Unión de Asociacións Familiares (UNAF).

- **A familia reconstituída: un novo mapa de funcionamento.**
Obradoiro en liña gratuíto, impartido por Unión de Asociacións Familiares (UNAF).
- **Violencia sexual e de xénero en migrantes**, curso gratuíto impartido por Sedra.
- **XXI Simposio da Red Renta Básica.** Renda Básica: Colocando a vida no centro. Co-organizado coa Red Renta Básica, Concello de A Coruña e Colectivo Renda Básica da Coruña. Formación gratuíta.
- Colaboración coa **Fegamp**, co desenvolvemento do **curso ‘O ISE como ferramenta de intervención das educadoras e educadores sociais’.**
- **Convivencia interuniversitaria e profesional da Educación Social**, que reuniu en Lobios a arredor de 250 participantes nunha serie de actividades formativas, culturais e lúdicas que serviron como celebración do Día Internacional da Educación Social 2022.
- Difusión e promoción para a participación no **VIII Congreso Estatal de Educación Social.**
- Mesa redonda: **Educación Social: desafíos da profesión**, coa participación das Colexiadas e Colexiados de Honra que nos acompañaron na asemblea xeral.
- Mantemento de colaboracións con entidades para a realización de **formación con descontos** nas cotas de inscrición. Ofrecéronse 6 cursos de formación con desconto.
- Designación de colexiadas/os para exercer como membros de **tribunais para procesos de selección de persoal** a petición dos concellos de Dodro e Muras.
- Diversas **xuntanzas** con diferentes entidades, para establecer colaboracións na organización da Convivencia Interuniversitaria e Profesional da Educación Social (Concellos, Universidades, Asociacións e colexios profesionais de diferentes territorios...)

4.3. EIXO DE ACCIÓN PROFESIONAL.

- **Seguimento, revisión e presentación de alegacións ás convocatorias de prazas de Educación Social na Administración pública:**

- Téc. de servizos sociais (Deputación da Coruña e Concello de Monforte)
- 5 prazas de Educador/a familiar (Concellos de Mazaricos e San Sadurniño, Arzúa, Vilasantar, Carballedo)
- Téc. de Educación Familiar (Concello de Carballo)
- Orientador/a laboral (Concello de Teo)
- Orientador/a – prospector/a laboral (Concello de A Laracha)
- Téc. de Educación (Deputación de Pontevedra)
- 6 prazas de Titor/a obradoiro dual de emprego (Concellos de Arteixo, Curtis, Melide, Muros, Noia, Oleiros)
- Tamén se presentaron recursos, xa no 2023, a prazas convocadas no 2022, concretamente: Educador/a social dos Concello de Monforte, Allariz, Vilarmaior e Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, Orientador/a laboral dos Concellos de Sarria, Ferrol e Carnota, Responsable OMIX / Educador/a do Concello de Xinzo, Encargada/o OMIX do Concello de Carnota, Orientador/a laboral do Concello de Carnota, Educador/a da Xunta de Galicia (convocatoria estabilización concurso e concurso-oposición), Educador/a social/familiar do Concello de Santiago, Educador/a familiar dos Concellos de Esgos e Baiona.
- Solicitud a Consellería de Política Social e Xuventude de modificación da resolución para a selección de entidade para a xestión do centro educativo Concepción Arenal, no sentido de respectar o Convenio colectivo do sector no tocante ao persoal educativo, que só pode ser educador/a social.

- **Accións para o recoñecemento do educador/a social en diferentes ámbitos:**

- Formación impartida a responsables da Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (RAOGAL), co obxectivo que coñezan o papel da Educación Social nos servizos sociais comunitarios e conten co seu apoio no desenvolvemento das súas funcións.
- Comunicación a todos os concellos galegos, suxerindo que se actualice a denominación dos postos de ‘Educador/a familiar’ a

‘Educador/a social’ nas súas Relacións de Postos de Traballo, adaptándose así á realidade académica e á especialización requirida dos postos.

- Recollida de apoios, entre persoas expertas en educación, á incorporación da Educación Social no sistema educativo, como clave para a prevención da exclusión na infancia. A iniciativa ‘Por unha escola segura’ acadou 36 sinaturas, que foron visibilizadas nun acto conxunto levado a cabo nas tres universidades galegas.
- Comunicación e posterior xuntanza co Coordinador de programas de prevención/ promoción da Saúde Mental, a fin de establecer vías de colaboración e contar asesoramento do Ceesg en futuras actualizacións do **Protocolo de prevención de conducta suicida**, así como noutras iniciativas.

○ **Achegas a diferentes normativas ou textos técnicos relacionados cos ámbitos de exercicio profesional da Educación Social.**

Segundo cada caso, as achegas poden incluír referencias ao recoñecemento da Educación Social no ámbito de que se trate, e tamén propostas que sirvan para a mellor atención á cidadanía.

- Achegas ao Anteproxecto de **Lei de condicións básicas para a igualdade no acceso e disfrute dos Servizos Sociais**. Realizadas a través do CGCEES, previamente organizouse unha sesión telemática aberta a persoas colexiadas, na que debater sobre a situación actual e posibles achegas á Lei.
- Achegas a normativa sobre aloxamento compartido de **persoas maiores**.
- Achegas ao Proxecto de decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de **dependencia** e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Achegas ao documento base medidas de **Saúde Mental infanto-xuvenil**, nun proceso participativo impulsado pola Fundación Salma, no que participamos ademais en varias charlas sobre o tema en diferentes localidades.

- Achegas ao Anteproyecto de Lei Orgánica pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de **saúde sexual e reprodutiva** e da interrupción voluntaria do embarazo. (Fiadeiras)
- Achegas á **Lei para a Igualdade** efectiva de homes e mulleres de Galicia. (Fiadeiras)
- Achegas ao proxecto de Decreto polo que se crea e regula o **Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia**. (Escaravellando)
- **Xuntanzas e espazos de colaboración con diferentes entidades:**
 - Xuntanza con Acción contra el Hambre, para presentación do seu proxecto **Vives Emprende**.
 - Xuntanza co **CDR O Viso**, para estudar a posible colaboración nun proxecto de biocoidados. (Geix)
 - Xuntanza con diferentes entidades, impulsada pola Fundación Salma, sumándonos á análise e conclusións para a elaboración do **Acordo pola mellora da saúde mental infanto-xuvenil**, que posteriormente foi presentada no Parlamento de Galicia.
 - Xuntanza con CIMEGA, para coñecer mutuamente o traballo desenvolvido polas nosas entidades.
 - Xuntanza co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, para tratar asuntos de interese común e valorar colaboracións.
 - Xuntanza coa Federación ANPAS Galegas, na que compartimos puntos de vista sobre as necesidades actuais do sistema educativo.
 - Xuntanza coa Dirección Xeral de Familias, Infancia e Dinamización Demográfica, na que falamos da situación do recoñecemento do ISE e posible colaboración en formacións dirixidas a persoal dos SEAFs.
 - Encontro participativo con varias entidades, sobre **atención á vítimas de delitos**, organizado por Consensus no marco do proxecto *SERV: Mellorar o apoio e a protección ás vítimas máis vulnerables*. Participación tamén no ciclo de xuntanzas que versaron concretamente sobre **atención ás vítimas de violencia de xénero**, no marco do *Proxecto SERV: Reforzar a cooperación e a coordinación entre todos os actores relevantes*.
 - Colaboración co departamento de Educación Social do Centro de Referencia Estatal de Atención Psicosocial (Creap) para a elabo-

ración dun documento no que, entre outros datos e información, se recompila a presenza da figura da educador/a social nos plans estratéxicos e nos planteis dos recursos de atención ao trastorno mental grave nas diferentes comunidades autónomas.

- **Comisión Ética e de Benestar Profesional:**
 - Xuntanzas internas e xuntanzas co alumnado PIC das universidades, para coñecer o seu punto de vista e telo en conta á hora de revisar o código deontolóxico da Educación Social.

4.4. SERVICIOS DO CEESG

- **Emprego.** Publicación de 1120 ofertas de traballo que suman máis de 1250 empregos.
- **Listaxe de empresas de Educación Social,** a disposición de entidades ou particulares que poden procurar dos seus servizos.
- **Formación con desconto** para persoas colexiadas ou amigas do Ceesg, ofrecidas por diversas entidades.
- **Asesoramento xurídico.** Atendéronse 167 consultas colexiadas, enfocadas sobre todo á interpretación dos convenios laborais, recursos e impugnacións.
- **Correo-e.** Creáronse 11 novas contas de correo para colexiadas/os.
- **Atención colexial e á cidadanía.** Rexistráronse 69 consultas, a maioría realizadas por persoas colexiadas.
- **Seguro de Responsabilidade Civil Profesional.** Formalizáronse ao longo do ano 113 subscricións a este seguro.
- **Listas de Peritaxe.** Remitíronse aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións periciais.
- **Avisos en liña.** Continuou o servizo de información a través de correo-e para colexiadas/os e amigas/os do Ceesg, cunha modificación no sistema de envío e na estética.
- **Ética e deontoloxía.** A Comisión de Ética e Benestar Profesional mantivo a súa actividade, sen recibir peticións de orientación.
- **Préstamo de instalacións.** Concedeuse o préstamo das instalacións do Ceesg en dúas ocasións. Non houbo solicitudes de préstamo de mate-

riais.

- **Biblioteca.** Realizáronse 11 préstamos e rexistráronse 17 novas publicacións ou materiais.

4.5. REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN EN ÓRGANOS EXTERNOS.

- **Consello Galego de Benestar Social.** Xunta de Galicia. Participación nos dous plenos celebrados (xuño, decembro).
- **Observatorio Galego de Violencia de Xénero.** Xunta de Galicia. Participación no pleno celebrado en xaneiro. (Fiadeiras)
- **Consello Local de Inclusión Social.** Concello da Coruña. Participación no pleno celebrado en outubro.
- **Foro Galego de Inmigración.** Participación nas xuntanzas nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, setembro, outubro e decembro.

4.6. CONVENIOS ASINADOS.

- **Arelas** (Asociación de familias de menores trans). Para a posta en marcha de medidas de difusión e sensibilización sobre a transexualidade.
- **Acougo** (Asociación galega de familias de acollida). Para colaboración mutua no desenvolvemento de programas de atención, formación e difusión en materia de sistema de protección de menores e da medida específica de acollemento familiar.
- **Federación Down Galicia.** Coa finalidade da posta en marcha de medidas de avance no proceso de envellecemento activo e saudable das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, así como promover a súa correcta atención sociosanitaria.
- **Memorandum Proxecto INTIT** (Integrated Trauma Informed Therapy for Child Victims of Violence). Asinado entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio Oficial de Traballo Social, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Unidade de Psicoloxía Forense da Universidade de Santiago e a Asociación Consensus. Esta sinatura contempla o compromiso das entidades de continuar, máis alá da duración do proxecto, a cooperación iniciada en INTIT e seguir traballando para me-

llorar os protocolos de colaboración interinstitucional, facilitando a atención integral das/os menores vítimas, evitando a súa retraumatización e victimización secundaria.

4.7. EVENTOS NOS QUE PARTICIPAMOS OU COLABORAMOS.

- **VII Xornada de Innovación Educativa no rural**, presentando o libro na presentación do libro *Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria*. Olladas e recursos interxeracionais no rural,. Universidade de Santiago.
- **XVIII Xornadas Interxeracionais Rurais**. Asociación veciñal de Cabreiros e Universidade de Santiago.
- **XX Xornadas interdisciplinarias**, coa participación na mesa na mesa de diálogo 'A importancia da atención especializada en demencias'. Federación Alzheimer Galicia.
- Participación na **xornada 'E agora, que?'**, de orientación profesional para o alumnado de 4º de Educación Social, organizada pola Universidade da Coruña.
- Participación na **xornada sobre saídas profesionais da Educación Social**, organizada pola Universidade de Santiago.
- Participación no **I Seminario Científico Internacional en Pedagogía Social**, na mesa redonda 'Visibilidade e transferencia do coñecemento social en Pedagogía Social- Educación Social'. Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social.
- **Invernada de cine de Cabreiros**. Asociación veciñal de Cabreiros.
- Xornada sobre o **anteproxecto de Lei de condicións básicas para a igualdade no acceso e disfrute dos Servizos Sociais**, organizada conxuntamente entre o Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales y el Consejo Oficial de la Psicología, formando parte da comisión organizadora e participando nunha das mesas redondas.
- **I Foro de Identidades e Disidencias Sexuais de Galicia**, concretamente na 'Mesa de traballo sobre laboral, servizos sociais, idadeismo e territorio'. Consello da Cultura Galega e Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- **Xornadas de Experiencias Culturais 2022**: Dalle xeito, organizadas

polo alumnado da Universidade de Santiago.

4.8. EVENTOS OU FORMACIÓNS ÁS QUE ASISTIMOS.

- **I e II Xornada de actualización sobre trastornos adictivos.** Consellería de Sanidade.
- **IV Encontro do Globo,** de micro-experiencias de transformación social de colectivos galegos. Solidariedade Internacional de Galicia.
- **Desafía!. Despréndete e Desfi(L)a.** Alumnado de Educación Social da Universidade de Santiago.
- Acto de aniversario da **Casa Xohana Torres,** do Concello de Santiago.
- Mesas redondas sobre **Saúde Mental Infanto-Xuvenil,** en diferentes localidades. Fundación Salma.
- Sesión clínica '**Aspectos éticos nas demencias**'. Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer da Coruña. (Comisión ética / Miolo)
- II Foro '**Xuntos fonte os abusos**'. Consellería de Política Social.

4.9. COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES.

A parte das colaboracións xa mencionadas en diferentes xornadas (mencionadas do apartado 4.6 e 4.1, a colaboración coas universidades viuse reflectida noutras actividades:

- Colaboración co alumnado coordinador dos **Puntos de Información Co-lexial** das Facultades das Universidades da Coruña e de Santiago.
- Participación nas Xornadas de benvida ao alumnado de Educación Social nas Universidades da Coruña, Santiago e Vigo (Campus Ourense), e no acto de apertura académica da UNED no centro asociación da Coruña.
- **Colaboración na materia Contextos e Ámbitos da Educación Social, da Universidade de Santiago,** achegando a visión de profesionais en diferentes ámbitos de traballo, así como xuntanzas co seu docente.
- Colaboración de profesorado como **xurado do 8º Concurso TFG.eduso.**
- **Presentación do Ceesg** na materia de Formación e Profesionalización en Educación Social, na Universidade de Santiago.

5. GRUPOS DE TRABALLO.

5.1. ABEIRA, GRUPO DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON FAMILIAS.

- Curso en liña gratuito *'Formación sobre o ISE e SEAF con módulo de protección de datos'*.
- Actividade en redes sociais (Facebook).
- Participación na Xuntanza de Grupos de Traballo do Ceesg.

Integrantes do grupo:

- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Mónica Fernández Gesteira.
- Sonia González Rodríguez (coordinadora)

Altas en 2022: Eva Moldes Casal.

Baixas en 2022: Lucía Vázquez Vázquez, Ana M. Domínguez Márquez.

5.2. GRUPO DE TRABALLO SOBRE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E XESTIÓN CULTURAL.

- Colaboración coas Xornadas de Experiencias Culturais da Universidade de Santiago de Compostela.
- Presentación do Monográfico sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural na Revista Galega de Educación.
- Participación na Xuntanza de Grupos de Traballo do Ceesg.

Integrantes do grupo:

- Iván García García (coordinador)
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Santiago Nieto Romarís.
- Vanessa Otero Dios.
- Javier Riádigos Couso.

5.3. ESCARAVELLANDO, GRUPO DE TRABALLO SOBRE INFANCIA E ADOLESCENCIA.

- Achegas ao proxecto de Decreto polo que se crea e regula o **Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia**.
- Participación na Xuntanza de Grupos de Traballo do Ceesg.

Integrantes do grupo:

- Gabriel Aúd Vázquez.
- José Luis Carballo Iglesias.
- Deibe Fernández Simo.
- Xesús Martínez Fernández.
- Rocío Núñez Rúa.
- María Quintas Sotelo (coordinadora)

Altas en 2022: Yolanda Torre Sarmiento.

Baixas en 2022: Beatriz Caneda Zamar.

5.4. FIADEIRAS, GRUPO DE TRABALLO DE IGUALDADE E FEMINISMOS.

- Libro Son de Fiar. Creación de contidos e maquetación.
- Asistencia á xuntanza anual do Pleno do Observatorio galego da Violencia de xénero. Xunta de Galicia.
- Participación no programa A Revista, da Televisión de Galicia, sobre os crimes machistas protagonizados por menores en Totana e Elche.
- Artigo de prensa en Nós Diario: "Virar o amor romántico para desterrar unha vivencia hexemónica dos afectos".
- Colaboración co Colectivo de Dones i Equitat do CEESC para reivindicar xuntas desde a sororidade, visibilizando o que para cada unha de nós significa a verba feminismos. 8 de marzo.
- Presentación dun proxecto á convocatoria "Utópicas, Arte e Territorio" do Concello de Santiago de Compostela.
- Achegas ao anteproxecto de modificación da Lei Orgánica de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
- Colaboración co programa de Radio escolar do alumnado de 3º e 4º da ESO do IES Fonmiña, enmarcado no proxecto 'Activistas polo mundo que queremos!'.

- Presentación do libro “Cómplices” na sede do Ceesg. (Fiadeiras)
- Achegas ao borrador da Lei para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Punto Lila. Día Internacional da Educación Social.
- 7 Xuntanzas do Grupo de traballo.
- Participación na Xuntanza de Grupos de Traballo do Ceesg.
- Participación na Comisión de Xénero e Diversidade do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais (3 xuntanzas)

Integrantes do grupo:

- Eva M^a Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán.
- Raquel López Fernández (coordinadora).
- Tania Merelas Iglesias.

5.5. GEIX, GRUPO DE ESTUDOS E INTERVENCIÓN XERAGÓXICA.

- Participación na Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad, do CGCEES.
- Publicacións no Facebook.
- Xuntanza co CDR O Viso, para estudar a posible colaboración nun proxecto de biocoidados.

Integrantes do grupo:

- Selene Arias Sáez.
- Mercedes González Pazos.
- Mónica Serrano Soto.
- Esther Pérez Enríquez.
- Laura Vilaboy Romero (coordinadora).
- Vanessa Villar Armada.

Altas en 2022: Marta Caselas Alonso.

5.6. MIOLO, GRUPO DE SAÚDE.

- Sesión clínica 'Aspectos éticos nas demencias'. (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer da Coruña)
- Xuntanzas para a planificación da Xornada sobre Educación Social e Saúde Mental 2023.
- 2 xuntanzas de traballo.

Integrantes do grupo:

- Laura Casal Figueroa (coordinadora)
- Manuel Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.
- Tamara Ramos Tato.

6. PARTICIPACIÓN NO CGCEES

- Participación na **Xunta de Goberno** do CGCEES, ocupando unha Vocalía ata a celebración das eleccións en setembro, e o cargo de Vicepresidencia dende entón.
- **Coordinación da área de Comunicación.**
- Participación nas campañas divulgativas propostas polo CGCEES.
- Nomeamento de representante na nova **Comisión de Servizos Sociais** e participación nas actividades da mesma, como a co-organización xunto ao Consejo de Psicología da Xornada sobre a nova Lei de Servizos Sociais.
- Participación nas **Asembleas ordinaria e extraordinaria e Xuntas de Goberno.**
- Participación nas **xuntanzas de Presidencias** e noutras xuntanzas de traballo.
- Coordinación da **Comisión de Xénero e Diversidade** (Grupo Fiadeiras)
- Participación na **Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad.** (Grupo Geix)
- Participación na **Comisión de Ética.**
- Participación na **Vocalía de Sociolaboral.**
- **Achegas** a diferentes normativas de carácter estatal, para encauzar a través do CGCEES (Ver apartado 4.3)

7. OUTRAS CUESTIÓNS

Retribucións compoñentes Xunta de Goberno: ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

Importe das cotas colexiais:

Cota de alta:

- No 1º ano dende a obtención do grao: 15€
- No 2º ano dende a obtención do grao: 35€
- A partir do 2º ano dende a obtención do grao: 65€

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 73,34€
- Bonificada por desemprego: 36,67€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 55€

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007. A actualización da cota de mantemento segundo o IPC (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017) quedou anulado durante os anos 2021 e 2022 (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2021).

Cotas de amigas/os do Ceessg: 20€ por curso académico (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria, ano 2012)

Cota do seguro de responsabilidade civil (non obrigatorio): 4,59€/ano.

Procedementos informativos e sancionadores: Non houbo.

Queixas e reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras:
Non houbo.

Cambios no contido do código deontolóxico: Non houbo.











